

PRA OS GALEGOS:

Din que España é unha nación, e non é certo. España é un feixe de naciós, y en querer telas suxetas e atadas co sedeño d=unhas mesmas leises e un mesmo goberno está o orixen e a causa de todos os seus males.

*
**

Así como se non pode cultivar d=un xeito o millo e o centeo, nín dar as mesmas labores a un patacal ca unha viña, non se deben de gobernar c=un soilo goberno países tan distintos como Galicia e Castela ou como Vasconia y Andalucía. A natureza que estableceu diferencias no chau e na lingua, na raza e nos costumes marcou co seu sello os pobos que soilo se poden dirixir por si mesmos. E dirixilos dende fora é ir contra da natureza, é ir contra da natureza e querer morrer.

*
**

E ahí está a cuestión dos foros pra me non deixar mentir. Esta cuestión pranteada fai moitos anos, agudizada no presente, co apoio unànime de todos os labrego gallegos que se teñen pronunciado n=un senso abolicionista, aínda non ten unha solución legal, en consonancia cos desexos da mor e dar millor parte da Galicia. E de elo ten tanta culpa como a oposición dos donos dos foros, a imcomprensión dos políticos de Madrid que non sinten nín poden sentir o latexar d=un pobo que vive distante n=iste corruncho do mundo tan belo, tan honrado e por eles tan desprezado.

Si a cuestión foral en vez de ter que se resolver en Madrid tivera que se resolver aquí na terra, baixo a mirada y a mau dos gallegos, xa fai moito tempo que estaría resolta, porque aquí ã veira do mesmo probrema os berros de xusticia terían que ser oídos, pero Madrid está tan lonxe, que chegan aló como unha zunida distante y apagada.

*
**

Eu vin n=unha ocasión os criados dos caciques que formaban a Xunta do censo facer xusticia n=unha porfia eleitoral, e foi porque o pobo enteiro posto en pe miroulles pra cara e tiveron medo. Pero despois en Madrid a xusticia defixose. Y e que o pobo non pudo ir aló a encararse cos bulradores da súa vontade.

*
**

Galegos: si queredes ter paz, si queredes ter xusticia na vosa nación o mesmo tempo que pedides qu= a terra que regades co voso suor sea vosa, pedide tamén que sea pra vos a outra Terra, a grande, a que se estende por serras e searas, a bicada polo mar, a coroada pol=as nubes a Santa Terra Gallega que soilo os gallegos temos dereito a gobernar e a dirixir.

PRR 08 GALF002